

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Curso escolar 2020/2021

IES ILLA DE ONS

R/ A Pedra 51

Bueu, Pontevedra

Teléfono: 886324130

<http://centros.edu.xunta.es/centros/iesillaons>

ies.illa.ons@edu.xunta.es

ÍNDICE

- 1) **INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**
 - 2) **COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS**
 - 3) **DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO E CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS**
 - 4) **OBXECTIVOS DA ESO E OBXECTIVOS XERAIS DA SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA**
 - 5) **CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE**
 - 6) **CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE**
 - 7) **MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**
 - 8) **MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**
 - 9) **PLAN DE RECUPERACIÓN E REFORZO PARA O ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE**
 - 10) **PROGRAMAS INDIVIDUALIZADOS PARA REPETIDORES**
 - 11) **AVALIACIÓN E DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL**
 - **PROCEDEMENTOS**
 - **INSTRUMENTOS**
 - **CRITERIOS DE CALIFICACIÓN**
 - **CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO**
 - **EXAMES EXTRAORDINARIOS DE SETEMBRO**
 - 12) **TEMAS TRANSVERSAIS E INTERDISCIPLINARIEDADE**
 - 13) **TRATAMENTO E FOMENTO DAS TIC**
 - 14) **CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO Ó PLAN DE CONVIVENCIA**
 - 15) **INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE**
 - 16) **MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA**
 - 17) **MEDIDAS ESPECÍFICAS DERIVADAS DA ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19**
- ANEXO: ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO CURSO 2019-20**

1) CONTEXTUALIZACIÓN E MARCO LEGAL

As linguas son instrumentos de comunicación e de coñecemento, vehículo dos sistemas de valores e das expresións culturais e factor determinante da identidade dos pobos e das persoas.

No mundo actual, cada vez máis globalizado, no que están a desaparecer os límites xeográficos da comunicación, a aprendizaxe de linguas estranxeiras constitúe unha necesidade de achegamento á información, ao coñecemento e ás tecnoloxías, así como a distintas formas e estilos de vida e maneiras de pensar de diferentes culturas.

A nosa comunidade non é tampouco allea aos movementos migratorios que están a acontecer no mundo e de aí que, desde unha perspectiva integradora, a función da lingua como ferramenta de mediación teña no noso caso especial relevancia. Ademais, o dominio e uso de linguas estranxeiras non só fomenta as relacións interpersoais - favorecendo a formación integral do individuo- senón que tamén nos permite comprender mellor a lingua propia desde unha visión máis ampla e rica da realidade.

O **IES Illa de Ons** é un centro situado na localidade de Bueu na provincia de Pontevedra. Bueu é un concello da provincia de Pontevedra, pertencente á comarca do Morrazo. O concello ten unha poboación de 12.009 habitantes (INE 2019).

MARCO LEGAL

LOMCE

- DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 29 de xuño de 2015).
- ORDE do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de

elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta. (DOG do 21 de xuño de 2015).

- RESOLUCIÓN do 20 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2017/18, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Documento Marco de Referencia Europea das Linguas do Consello de Europa.

2) COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

Iolanda María Veloso Ríos Xefa de departamento	1º ESO	2 grupos	4h/semana
	3º ESO	1 grupo	2h/semana
	4º ESO	1 grupo	3h/semana
Ana Belén Castro Márquez	2º ESO	3 grupos	6h/semana

As reunións de departamento semanais terán lugar os MÉRCORES de 12:45 a 13:35.

3) DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO E CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS

No IES Illa de Ons durante este curso académico contamos cun total de 110 alumnos/as na materia de francés en todos os cursos dende primeiro ata cuarto na etapa da Educación Secundaria Obrigatoria.

Os alumnos do centro pertencen a familias cun nivel socio-económico medio-baixo. Hai un alumnado moi diverso: con TDAH, con dificultades para a aprendizaxe, con ACIs e con desfase curricular.

O segundo idioma ten carácter obrigatorio en 1º e 2º ESO , excepto para os alumnos e alumnas que presenten dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular na área de lingua e que necesiten medidas de reforzo educativo fóra da aula segundo establece o decreto 133/2007 do 5 de xullo, que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. Estes alumnos quedarán exentos de cursar a materia de segunda lingua estranxeira. Esta decisión será tomada polo profesorado do alumnado, xunto coa valoración do titor e do departamento de orientación do centro logo da reunión da avaliación inicial que terá lugar en outubro. Actualmente, o departamento de orientación está a realizar probas de diagnose para detectar as posibles dificultades de aprendizaxe, polo que aínda non se ten un número exacto de alumnos nesta materia.

Durante este curso académico a distribución inicial provisional do alumnado por grupos é a seguinte:

CURSO	Nº TOTAL DE ALUMNOS
1º ESO A	23
1º ESO B	16
2º ESO A	25
2º ESO B	15
2º ESO C	5
3º ESO A	8
3º ESO B	7

4º ESO A	5
4º ESO B	6

Total alumnos: 110

O horario lectivo da segunda lingua estranxeira que figura no Decreto 133/2007 é de dúas sesións semanais en cada grupo, agás no grupo de cuarto no que se imparten tres sesións.

4) **OBXECTIVOS (ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E ÁS NECESIDADES DO ALUMNADO)**

4.1. Obxectivos da ESO

Polo que respecta aos obxectivos de etapa , a ESO contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas capacidades que lles permitan:
1) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
2) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
3) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
4) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
5) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha

preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
6) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
7) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
8) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
9) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
10) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
11) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
12) Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
13) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
14) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
15) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

O ensino da Segunda Lingua Estranxeira **nesta etapa** ten como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

<p>1) Comprender mensaxes orais claras e sinxelas, relativas ás situacións de comunicación máis habituais ou que conteñan información básica sobre o contorno próximo familiar e social, producidos por falantes ou por medios de reprodución e de comunicación.</p>
<p>2) Utilizar oralmente a lingua estranxeira co fin de satisfacer necesidades básicas de comunicación tanto en interaccións reais e propias da aula, como en interaccións simuladas que reproduzan situacións reais cotiás e interaccións sociais básicas, producindo textos comprensibles e mostrando interese por comprender e facerse comprender.</p>
<p>3) Comprender mensaxes escritas relativas a situacións habituais de comunicación expresadas en diferentes tipos de texto, identificando cunha finalidade comunicativa concreta as informacións globais e específicas que transmiten os textos.</p>
<p>4) Escribir textos sinxelos con cohesión e coherencia que respecten as regras do código escrito.</p>
<p>5) Ler de forma comprensiva e cada vez cun maior grao de autonomía textos adecuados aos seus intereses co fin de obter informacións requiridas previamente.</p>
<p>6) Reflexionar sobre o funcionamento do sistema lingüístico na comunicación e valoralo como elemento que facilita a aprendizaxe e mellora as producións propias.</p>
<p>7) Comparar distintos aspectos socioculturais característicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira cos propios, identificando trazos básicos, evitando os estereotipos, e incidindo nos trazos característicos da cultura propia para que esta desempeñe, chegado o caso, o papel de intermediario lingüístico e cultural, abordando con eficacia a resolución de malentendidos interculturais.</p>
<p>8) Utilizar estratexias de aprendizaxe aprendidas noutras linguas e desenvolver outras mediante a comparación e contraste entre as diferentes linguas do currículo, aplicando a experiencia previa nesas linguas á aprendizaxe da segunda lingua estranxeira.</p>

Tendo en conta as particularidades do centro e as circunstancias sociais, culturais, económicas do noso alumnado, fíxanse como **obxectivos xerais**:

- Propiciar unha convivencia tolerante, respectuosa, democrática e participativa entre todos os membros da comunidade educativa.
- Potenciar un clima de cálida acollida ao alumnado de nova incorporación, co fin de facilitarlle unha rápida integración no

centro e na vida social exterior.

- Progresar no uso da nova lingua, como un ben cultural propio.
- Acrecentar o desenvolvemento da personalidade e capacidades individuais do alumnado.
- Potenciar o traballo en grupo, a colaboración entre o alumnado e a aprendizaxe cooperativa.
- Fomentar hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade do alumnado.
- Incrementar o uso de novas tecnoloxías da información e comunicación que lle permitan ao alumnado progresar autonomamente e ir construído o seu coñecemento.
- Desenvolver as capacidades creativas e espírito crítico.
- Establecer programas de corrección e prevención de dificultades, a partir do estudio dos resultados educativos e das probas de diagnóstico.
- Potenciar a comprensión das Normas de Convivencia, como documento que permite mellorar a vida cotiá no centro en todos os seus aspectos.
- Fomentar o respecto e igualdade de dereitos e deberes entre alumnas e alumnos.
- Adoptar medidas formativas, xustas e equitativas, na corrección de faltas de comportamento.
- Fomentar a participación e colaboración de todos os membros da comunidade educativa.

5) CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVES

A incorporación de competencias clave ó currículo permite poñer o acento nas aprendizaxes que se consideren imprescindibles. Son aquelas competencias que debe acadar o alumnado ó finalizar a ensinanza obrigatoria para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de maneira satisfactoria e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ó longo da vida.

Coas diferentes áreas e materias do currículo acádanse os obxetivos educativos e adquirense as competencias básicas. Cada

unha das áreas contribue ó desenvolvemento de diferentes competencias e do mesmo xeito cada unha das competencias básicas acadaránse como consecuencia do traballo en varias áreas ou materias.

No marco da proposta realizada pola Unión Europea e de acordo coas consideracións que se acaban de expoñer, identifícanse sete competencias básicas:

- 1.Competencia na comunicación lingüística
- 2.Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
- 3.Competencia dixital
- 4.Competencia para aprender a aprender
- 5.Competencia social e cívica
- 6.Sentido da iniciativa e espírito emprendedor
- 7.Conciencia e expresións culturais

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira contribue a adquisición de cada unha destas competencias básicas aínda que desenvolve especialmente as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística de maneira directa, completando, enriquecendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral.A aportación da lingua estranxeira é primordial no discurso oral ó adquirir as habilidades de escoitar, falar e conversar. Do mesmo xeito mellora a competencia comunicativa xeral ó desenvolver a habilidade para expresarse oralmente e por escrito, utilizando diferentes tipos de discurso segundo as situacións.
- Competencia para aprender a aprender ó contribuir á mellora da capacidade comunicativa xeral. A aprendizaxe dunha lingua estranxeira debe incluír a reflexión sobre a propia aprendizaxe, identificando as estratexias e recursos que os fan máis eficaces. Isto prepara ó alumnado na toma de decisións e favorece a autonomía para utilizar e seguir aprendendo a lingua estranxeira ó longo da vida.
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor ó fomentar o traballo cooperativo nas clases o alumnado ten que manexar habilidades sociais, propiciando a autonomía e a iniciativa persoal.
- Competencia social e cívica, xa que coñecer unha lingua estranxeira implica o coñecemento de rasgos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes das mesmas. Isto favorece a comprensión da realidade social na que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferencias culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración,tamén axuda a comprender e apreciar tanto os rasgos de identidade como as diferencias.

- Competencia dixital utilizando a lingua estranxeira como unha posibilidade de comunicación a través das novas tecnoloxías.
- Conciencia e expresións culturais propiciando unha aproximación á cultura, así como a obras artísticas dos países nos que se fala a lingua estranxeira.

6) CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

□ Segunda Lingua Estranxeira (1º, 2º, 3º e 4º da ESO)

1º de ESO

Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
<ul style="list-style-type: none"> ■ a ■ c ■ d ■ i 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: ■ Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. ■ Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema. ■ Identificación de palabras clave. ■ Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica). ■ Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos. ■ Inferencia do significado probable das 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.1. Comprender preguntas e informacións sinxelas relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula. ■ B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado 	<ul style="list-style-type: none"> ■ SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CD ■ CAA ■ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ■ SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA ■ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ■ SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA ■ CCEC

	<p>palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. ■ B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito. ■ B1.4. Memorización de expresións orais breves significativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre idade, orixe, etc.). 	<p>baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade. ■ B1.4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible. 	<p>léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CD ■ CCL ■ CAA ■ CCEC ■ CD
Bloque 2. Produción de textos orais				
<ul style="list-style-type: none"> ■ a ■ c ■ d ■ i 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B2.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> ■ Planificación: <ul style="list-style-type: none"> ■ Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. ■ Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa ■ Execución: <ul style="list-style-type: none"> ■ Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou as ideas principais, e a súa estrutura básica. ■ Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. ■ Expresión da mensaxe con claridade, coherencia básica e estrutura adecuada, 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. ■ B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender. ■ B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas, cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións. ■ SLEB2.2. Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar. ■ SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CD ■ CAA ■ CCEC ■ CCL ■ CAA ■ CCEC ■ CD ■ CCL ■ CAA ■ CCEC ■ CD

	<p>e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. ■ Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos ■ Lingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> ■ Modificación de palabras de significado parecido. ■ Definición ou paráfrase dun termo ou expresión. ■ Uso da lingua materna ou "estranxeirización" de palabras da lingua meta. ■ Petición de axuda. ■ Paralingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> ■ Sinalación de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado. ■ Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal). ■ Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc) de valor comunicativo. ■ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender. ■ B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación (chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda, etc.), igualmente cotiás e moi básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais (idade, lugar de residencia, familia, orixe, gustos, posesións, etc.), utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos. 	<p>actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos, e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar. ■ SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiás, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA ■ CCEC <ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA ■ CCEC
Bloque 3. Comprensión de textos escritos				

<ul style="list-style-type: none"> ■ a ■ c ■ d ■ i 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B3.1. Estratexias de comprensión: ■ Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. ■ Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva) ■ Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). ■ Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. ■ Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas. ■ Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. ■ B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas. ■ B3.2. Seguir instrucións básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles, e traballadas previamente. ■ B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia. ■ B3.4. Comprender textos propios de situacións cotiás próximas, como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos coñecidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA ■ CCEC ■ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ■ SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA ■ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ■ SLEB3.3. Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiás e propios da súa idade. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA ■ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ■ SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menú, horarios, catálogos e listas de prezos. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA ■ CCEC ■ CD
Bloque 4. Producción de textos escritos				
<ul style="list-style-type: none"> ■ a ■ c ■ d ■ i 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B4.1. Estratexias de produción: ■ Planificación: ■ Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). ■ Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). ■ Uso de elementos coñecidos obtidos de 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula. ■ B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal. ■ B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas 	<ul style="list-style-type: none"> ■ SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA ■ CCEC ■ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ■ SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA ■ CCEC ■ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ■ SLEB4.3. Escribe notas, listaxes, 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL

	<p>modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Execución: ■ Elaboración dun borrador seguindo textos modelo. ■ Estruturação do contido do texto. ■ Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. ■ Expresión da mensaxe con claridade, axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. ■ Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. ■ Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "páreceme ben", etc.). ■ Revisión: ■ Identificación de problemas, erros e repeticións. ■ Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. ■ Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.). ■ Reescritura definitiva. 	<p>con actividades cotiás e de inmediata necesidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto. 	<p>tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituindo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, preguntar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CAA ■ CCEC ■ CD ■ CCL ■ CAA ■ CCEC ■ CD
Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe				
<ul style="list-style-type: none"> ■ a ■ c ■ d ■ i ■ o 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos. ■ Sons e fonemas vocálicos. ■ Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. ■ Procesos fonolóxicos máis básicos. ■ Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración. ■ B5.2. Patróns gráficos e convencións 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender. ■ B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente 	<ul style="list-style-type: none"> ■ SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e iníciase no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. ■ SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA ■ CCEC ■ CD ■ CCL ■ CAA

<p>ortográficas</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Uso das normas básicas de ortografía da palabra. ■ Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. ■ B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: ■ Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. ■ Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira. ■ Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. ■ Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. ■ B5.4. Plurilingüismo: ■ Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. ■ Participación en proxectos (elaboración 	<p>para o seu nivel escolar.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos. ■ B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. ■ B5.5. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados en clase previamente. ■ B5.6. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. 	<p>propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. ■ SLEB5.4. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente. ■ SLEB5.5. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCEC ■ CD <ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA ■ CCEC <ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA ■ CCEC ■ CD <ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA ■ CCEC ■ CD
---	--	--	---

	<p>de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <ul style="list-style-type: none">■ B5.5. Funcións comunicativas:■ Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.■ Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.■ Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.■ Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.■ Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.■ Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.■ Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.■ Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.■ B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:<ul style="list-style-type: none">■ Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo			
--	---	--	--	--

	<p>meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión sinxelas de gustos) e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo. ■ B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma. 			
--	---	--	--	--

¹Contidos sintáctico-discursivos por idiomas:

Francés
<ul style="list-style-type: none"> ■ Expresión de relacións lóxicas: conxunción (<i>et</i>); disxunción (<i>ou</i>); oposición (<i>mais</i>); causa (<i>parce que</i>); finalidade (<i>pour</i>); comparación (<i>plus, moins</i>); explicativas (<i>parce que</i>). ■ Relacións temporais (<i>avant, après</i>). ■ Exclamación (<i>Oh là là! On y va!</i>); interxección (<i>oui!, non! Zut!</i>) ■ Negación (<i>ne/n'...pas</i>). ■ Interrogación (<i>qui est-ce ?, qu'est-ce que c'est ?, quoi, quand, comment, pourquoi, où; réponses (p. ex. oui, non); est-ce que?; adjectif interrogatif (p. ex. quel est ton sport préféré?)</i>). ■ Expresión do tempo: presente; futuro (<i>présent, futur proche</i>); <i>impératif</i>. ■ Expresión do aspecto: puntual (frases simples); habitual (<i>présent</i>). ■ Expresión da modalidade: factualidade (<i>phrases déclaratives</i>); capacidade (<i>pouvoir</i>); necesidade (<i>il faut+infinitif</i>); obriga/prohibición (<i>il faut, imperativo</i>); permiso (<i>pouvoir : est-ce que je peux... ?</i>); intención/deseo (<i>vouloir</i>); cortesía (<i>distinction tu/vous</i>). ■ Expresión da existencia (presentativos, <i>c'est, ce sont</i>); da entidade (p. ex. <i>articles définis, indéfinis, noms, pronoms personnels sujet (on), pronoms toniques</i>); os presentativos (ex. <i>c'est, voilà, il est</i>); a posesión (adxectivos posesivos dun só propietario); a existencia (ex. <i>il y a, il n'y a pas</i>); a cualidade (xénero e número dos adxectivos regulares). ■ Expresión da cantidade: (plurais regulares; números cardinais ata 2 cifras; primeiros números ordinais; <i>articles partitifs</i>). Adverbios de cantidade e medidas (<i>un peu, trop, assez, beaucoup, un kilo, un tube</i> ■ Expresión do espazo (<i>prépositions et adverbes de lieu avec villes et pays (en/au + pays, à + ville), position (ici), distance, mouvement, direction, provenance (venir de + ville), destination (aller à +ville)</i>). ■ Expresión do tempo: puntual (<i>l'heure, moments du jour (le matin, le soir)</i>); indicacións de tempo (<i>aujourd'hui</i>); duración (<i>de... à</i>); secuenciación (<i>à partir de + heure</i>); frecuencia (<i>d'habitude</i>). ■ Expresión do modo (<i>à / en + medios de transporte</i>).

□ ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final da materia serán os estándares de aprendizaxe e os criterios de avaliación.

Os estándares de aprendizaxe resaltados en color gris nos cadros de avaliación corresponden aos **mínimos esixibles** que cada alumno e alumna debe demostrar ter adquirido antes de fin de curso para superar a materia e obter unha nota de 5 puntos. Todos aqueles estándares non considerados mínimos nesta programación gradúranse en función da súa dificultade e das características particulares de cada grupo de alumnos e alumnas e axudarán a nota final (6, 7, 8, 8, 9 o 10) seguindo o explicitado nos criterios de calificación desta programación.

3º de ESO

Segunda Lingua Estranxeira. 3º de ESO					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	
Bloque 1. Comprensión de textos orais					
<ul style="list-style-type: none"> ■ a ■ c ■ d ■ i 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.1. Estratexias de comprensión: ■ Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. ■ Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. ■ Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais). ■ Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. ■ Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.) ■ Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.). ■ Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. ■ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. ■ B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, os puntos principais ou a información máis importante do texto. ■ B1.2. Identificar o sentido xeral, os puntos principais e a información máis importante en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos habituais en situacións cotiás ou sobre aspectos concretos de temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito. ■ B1.3. Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente, e seguir indicacións sinxelas e breves. ■ B1.4. Comprender transaccións moi básicas de bens e servizos elementais na vida cotiá, transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, e moi ben articuladas e lentamente, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se se poden escoitar máis dunha vez. ■ B1.5. Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiás que se desenvolvan na súa presenza, nas que se describan, de xeito moi breve e 	<ul style="list-style-type: none"> ■ SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, lectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: saca conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido baseándose na entoación e na velocidade da fala; deduce intencións a partir do volume da voz do falante; fai anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e infire o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias noutras linguas. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC 	
			<ul style="list-style-type: none"> ■ SLEB1.2. Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado. 		<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ■ SLEB1.3. Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes) nas que se utilicen frases feitas e estruturas sinxelas e previamente traballadas sobre datos persoais, horarios, prezos, números e preguntas sinxelas, e que se desenvolvan con lentitude e boa articulación. 		<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ■ SLEB1.4. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, 		<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL

		<p>sinxelo, persoas, lugares e obxectos, e se narren acontecementos elementais, sempre que poida solicitar que se repita o dito.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ B1.6. Seguir un texto breve articulado con claridade e pausadamente, no que se utilicen expresións sinxelas e habituais previamente traballadas e referidas a temas moi coñecidos dos ámbitos persoal e educativo (datos persoais, gustos e hábitos, materias que cursa, etc.), adecuado ao seu nivel escolar, actuando, de ser o caso, como mediación lingüística. ■ B1.7. Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas, que conteñan conversas, narracións e/ou descrições predicibles, e de presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e o apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados, e que estean pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez. 	<p>narracións e opinións formulados en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ SLEB1.5. Comprende, nunha conversa formal na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo. ■ SLEB1.6. Identifica as ideas principais de programas de televisión e de presentacións moi sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns predicibles ou do seu interese, previamente traballados, articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias ou reportaxes breves), cando as imaxes constitúen grande parte da mensaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CAA ■ CSC ■ CCEC
		Bloque 2. Produción de textos orais		
- Expresión do aspecto: puntual (frases simples); habitual (*présent*).
- Expresión da modalidade: factualidade (*phrases déclaratives*); capacidade (*pouvoir*); necesidade (*il faut+infinitif*); obriga/prohibición (*il faut, imperativo*); permiso (*pouvoir : est-ce que je peux... ?*); intención/deseo (*vouloir*); cortesía (*distinction tu/vous*).
- Expresión da existencia (presentativos, *c'est, ce sont*); da entidade (p. ex. *articles définis, indéfinis, noms, pronoms personnels sujet (on), pronoms toniques*); os presentativos (ex. *c'est, voilà, il est*); a posesión (adxectivos posesivos dun só propietario); a existencia (ex. *il y a, il n'y a pas*); a cualidade (xénero e número dos adxectivos regulares).
- Expresión da cantidade: (plurais regulares; números cardinais ata 2 cifras; primeiros números ordinais; *articles partitifs*). Adverbios de cantidade e medidas (*un peu, trop, assez, beaucoup, un kilo, un tube*).
- Expresión do espazo (*prépositions et adverbes de lieu avec villes et pays (en/au + pays, à + ville), position (ici), distance, mouvement, direction, provenance (venir de + ville), destination (aller à +ville)*).
- Expresión do tempo: puntual (*l'heure, moments du jour (le matin, le soir)*); indicacións de tempo (*aujourd'hui*); duración (*de... à*); secuenciación (*à partir de + heure*); frecuencia (*d'habitude*).
- Expresión do modo (*à / en + medios de transporte*).

3º de ESO

Segunda Língua Estranxeira. 3º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
<ul style="list-style-type: none"> ■ a ■ c ■ d ■ i 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.1. Estratexias de comprensión: ■ Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. ■ Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. ■ Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais). ■ Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. ■ Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, os puntos principais ou a información máis importante do texto. ■ B1.2. Identificar o sentido xeral, os puntos principais e a información máis importante en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos habituais en situacións cotiás ou sobre aspectos concretos de temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e 	<ul style="list-style-type: none"> ■ SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, lectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: saca conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido baseándose na entoación e na velocidade da fala; deduce intencións a partir do volume da voz do falante; fai anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e infire o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias noutras linguas. ■ SLEB1.2. Capta a información máis 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CCL

	<p>etc.)</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.). ■ Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. ■ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. ■ B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito. 	<p>educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ B1.3. Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente, e seguir indicacións sinxelas e breves. ■ B1.4. Comprender transaccións moi básicas de bens e servizos elementais na vida cotiá, transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, e moi ben articuladas e lentamente, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se se poden escoitar máis dunha vez. ■ B1.5. Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns que se desenvolvan na súa presenza, nas que se describan, de xeito moi breve e sinxelo, persoas, lugares e obxectos, e se narren acontecementos elementais, sempre que poida solicitar que se repita o dito. ■ B1.6. Seguir un texto breve articulado con claridade e pausadamente, no que se utilicen expresións sinxelas e habituais previamente traballadas e referidas a temas moi coñecidos dos ámbitos persoal e educativo (datos persoais, gustos e hábitos, materias que cursa, etc.), adecuado ao seu nivel escolar, actuando, de ser o caso, como mediación lingüística. ■ B1.7. Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas, que conteñan conversas, narracións e/ou descrições predicibles, e de presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e o apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados, e que estean pronunciadas 	<p>importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ SLEB1.3. Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes) nas que se utilicen frases feitas e estruturas sinxelas e previamente traballadas sobre datos persoais, horarios, prezos, números e preguntas sinxelas, e que se desenvolvan con lentitude e boa articulación. ■ SLEB1.4. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións e opinións formulados en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito. ■ SLEB1.5. Comprende, nunha conversa formal na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo. ■ SLEB1.6. Identifica as ideas principais de programas de televisión e de presentacións moi sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns predicibles ou do seu interese, previamente traballados, articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias ou reportaxes breves), cando as 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CD <ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CD <ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC <ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CSIEE ■ CCEC <ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CD
--	--	---	--	---

		con lentitude e claridade, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez.	imaxes constitúen grande parte da mensaxe.	
	Bloque 2. Producción de textos orais			
<ul style="list-style-type: none"> ■ a ■ c ■ d ■ i 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B2.1. Estratexias de produción: ■ Planificación: ■ Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. ■ Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. ■ Execución: ■ Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica. ■ Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. ■ Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados en clase previamente. ■ Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. ■ Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos, e paralingüísticos. ■ Lingüísticos: ■ Modificación de palabras de significado parecido. ■ Definición ou reformulación dun termo ou expresión. ■ Uso da lingua materna ou 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B2.1. Pronunciar de maneira intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. ■ B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura moi simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe aos recursos dos que se dispón, ou a reformulación ou explicación de elementos. ■ B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre transaccións e xestións cotiás moi elementais, usando un repertorio básico de palabras e frases simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito. ■ B2.4. Interactuar de xeito simple en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra, aínda que poidan darse desaxustes na adaptación ao interlocutor. ■ B2.5. Dar información sobre datos básicos persoais, expectativas ou gustos, utilizando un repertorio moi básico de expresións memorizadas sinxelas e habituais sobre estes datos, sempre que poida pedir confirmación da comprensión á persoa interlocutora ou que se lle repita o dito. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, sobre aspectos concretos de temas xerais ou relacionados con aspectos básicos dos seus estudos, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas se se articulan clara e lentamente. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CSIEE ■ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ■ SLEB2.2. Desenvólvese coa eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CD ■ CSIEE ■
			<ul style="list-style-type: none"> ■ SLEB2.3. Participa en conversas informais breves, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, se intercambia información e se expresan opinións de xeito sinxelo e breve, se fan invitacións e ofrecementos, se piden e se ofrecen cousas, se piden e se dan indicacións ou instrucións, ou se discuten os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, expresando o acordo ou o desacordo de xeito moi básico. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CD ■ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ■ SLEB2.4. Desenvólvese de maneira simple nunha conversa formal ou entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando a información necesaria, expresando de maneira sinxela as súas opinións sobre temas habituais, e reaccionando de forma simple ante comentarios 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC

	<p>"estranxeirización" de palabras da lingua meta.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Petición de axuda. ■ Paralingüísticos: ■ Sinalación de obxectos, uso de deícticos ou realizar accións que aclaran o significado. ■ Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal). ■ Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo. ■ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender. ■ B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: saúdos e despedidas, felicitacións, invitacións, expresións da dor, conversa telefónica, compravenda, e outras igualmente cotiás e básicas. 		<p>formulados de maneira lenta e clara, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita.</p>	
	Bloque 3. Comprensión de textos escritos			
<ul style="list-style-type: none"> ■ a ■ c ■ d ■ i 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B3.1. Estratexias de comprensión: ■ Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. ■ Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). ■ Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). ■ Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. ■ Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, a títulos e outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas polo contexto e mediante os coñecementos e as experiencias noutras linguas. ■ B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi básicas e predicibles, traballadas previamente, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela e con apoio visual. ■ B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos informativos ou narrativos breves, moi 	<ul style="list-style-type: none"> ■ SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos moi breves en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen gran parte da mensaxe. ■ SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián (por exemplo, unha máquina expendedora), así como instrucións sinxelas para a realización de actividades e normas de seguridade básicas (por exemplo, nun centro docente). ■ SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato na 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CD <ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CD <ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA

	<p>curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. ■ Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. ■ Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "éme igual", "sóame", etc.). ■ Revisión: ■ Identificación de problemas, erros e repeticións. ■ Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. ■ Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.). ■ Reescritura definitiva. 	<p>amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.</p>	<p>con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ■ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ■ SLEB4.4. Escribe correspondencia formal moi básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas, ou a entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, e fai unha presentación do texto limpa e ordenada. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CD
Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe				
<ul style="list-style-type: none"> ■ a ■ c ■ d ■ i ■ o 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: ■ Sons e fonemas vocálicos. ■ Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. ■ Procesos fonolóxicos máis básicos. ■ Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración. ■ B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas: ■ Uso das normas básicas de ortografía da palabra. ■ Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. ■ B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender. ■ B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar. ■ B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos 	<ul style="list-style-type: none"> ■ SLEB5.1. Produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. ■ SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas culturais que poidan existir. ■ SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CD ■ CCL

	<ul style="list-style-type: none"> ■ Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesia propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. ■ Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira. ■ Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. ■ Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. ■ B5.4. Plurilingüismo: ■ Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. ■ Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. ■ B5.5. Funcións comunicativas: ■ Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa 	<p>contextos respectivos.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. ■ B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. ■ B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados na clase previamente 	<p>explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. ■ SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculpase, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CAA ■ CSC ■ CCEC <ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CD ■ CSIEE <ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC
--	--	--	--	---

	<p>idade.</p> <ul style="list-style-type: none">■ Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.■ Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.■ Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.■ Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.■ Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.■ Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.■ Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.■ B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:<ul style="list-style-type: none">■ Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación.■ Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias, expresións sinxelas de gustos), e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo.			
--	--	--	--	--

¹Contidos sintáctico-discursivos por idiomas:

Francés

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*et*); disxunción (*ou*); oposición (*par contre*); causa (*comme*); finalidade (*afin de + Inf.*); comparación (*plus/moins que*); consecuencia (*donc*); explicativas (*parce que*).
- Relacións temporais (*de... à, dans, il y a, en*).
- Exclamación (*Oh là là! On y va! Quel+nom !*); locucións adverbiales (*Tout fait ! Bien sûr !*)
- Negación (negación nos tempos compostos).
- Interrogación (*que, quoi; inversión (V + Suj.)*); *réponses (si, pron. tonique + oui/non, pron. tonique + aussi/non plus)*.
- Expresión do tempo: presente; pasado (*passé récent, passé composé: participes passés avec les accords*); futuro (*futur proche*). Introducción do condicional (fórmula de cortesía: *j'aimerais*).
- Expresión do aspecto: puntual (frases simples); habitual (frases simples + Adv. (ex: *toujours, d'habitude*); incoativo;terminativo (*venir de + Inf.*).
- Expresión da modalidade: factualidade (*phrases déclaratives*); capacidade (*être capable de*); posibilidade/probabilidade (*peut-être*); necesidade (*avoir besoin de + infinitif, il faut*); obriga/prohibición (*il faut, verbe devoir, impératif*); permiso (*pouvoir, demander*); intención/deseo (*avoir envie de*); cortesía.
- Expresión da existencia (presentativos); a entidade (*articles, noms composés, pronoms réfléchis, adjectifs démonstratifs*; proposicións adxectivais (*qui/que*)); a cualidade (posición dos adxectivos, *facile/ difficile à...*); a posesión (adxectivos posesivos).
- Expresión da cantidade: (plurais irregulares; números cardinais ata catro cifras; números ordinais ata dos cifras; artigos partitivos). Adverbios de cantidade e medidas (*un (tout petit) peu, trop, (beaucoup) trop, pas assez + Adj., un pot, kilomètres...*); o grao.
- Expresión do espazo (prépositions et adverbos de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination).
- Expresión do tempo: puntual (*moments du jour (le matin, le soir), demain matin, jeudi soir*); divisións (*au ... siècle, en (année)*); indicacións de tempo (*après-demain, avant-hier, tout de suite*); duración (*maintenant*); anterioridade (*l y a...que*); posterioridade (*plus tard*); secuenciación (*finalement*); simultaneidade (*au moment où, en même temps*); frecuencia (*d'habitude, une/deux/... fois par...*).
- Expresión do modo.

6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Estimamos como necesaria unha metodoloxía que estimule a participación do alumado no seu propio e continuo proceso de aprendizaxe. Imos partir sempre das capacidades coas que o alumno inicia o ano escolar tentando amplialas gradualmente. A metodoloxía a empregar é pois integradora de todos os aspectos socioculturais que inciden neste proceso e podemos cualificala como:

Activa: O alumno deberá participar no desenvolvemento da clase sen se limitar a ser unicamente un receptor pasivo da mesma. Ten pois que observar, reflexionar, participar, reempregar e por suposto construír as súas propias mensaxes orais

e escritas.

Variada: O que comporta por parte do profesorado a utilización de todo tipo de recursos metodolóxicos que dinamicen o desenvolvemento da clase: medios audiovisuais, material informático, biblioteca, documentos auténticos, etc.

Interactiva: O traballo en grupo dos alumnos será estimulado polo profesorado como método importante de aprendizaxe, xa que a interacción entre iguais facilita a adquisición de coñecementos e o desenvolvemento de habilidades comunicativas e sociais.

Funcional: O que ven a implicar un deseño práctico dos contidos que asegure a relación do ensinado coa vida cotiá.

Social: Pártese dunha actuación sempre positiva de cara ó alumno que estimule o seu equilibrio persoal e consolide as súas capacidades e conductas dentro do grupo. Evitaremos pois situacións de marxinação, segregación, ridiculización e en xeral, calquera comportamento que sexa discriminatorio para o alumnado.

Potenciadora da autonomía persoal: Que se traduce no desenvolvemento da creatividade persoal. Isto non é incompatible coa realidade social desta aprendizaxe senón que reforza o control do mesmo por parte do alumno e potencia a súa personalidade e iniciativa persoal.

Motivadora: É dicir, que faga atractiva ó alumno todas as actividades desenvolvidas na aula. Isto supón empezar pola selección destas actividades atándonos ao seu carácter lúdico, práctico e próximo ó alumno.

A finalidade da aprendizaxe dunha lingua estranxeira é a de comunicarse e pasa pola adquisición progresiva e integrada das catro destrezas lingüísticas: a comprensión oral, a comprensión escrita, a expresión oral e a expresión escrita; destrezas que conforman a competencia comunicativa que á vez inclúe diferentes sub-competencias: gramatical, discursiva,

sociolingüística, estratéxica e sociocultural.

Gramática

A gramática que traballaremos é de tipo contextual, xa que nela tense en conta a dicotomía existente entre o oral e o escrito en francés. Os aspectos gramaticais seleccionáronse tendo en conta a súa función comunicativa.

A gramática abórdase e trabállase de maneira explícita en cada unha das unidades e leccións en que as primeiras están divididas, así como as revisións finais.

O procedemento adoptado é de tipo inductivo, partindo da observación sistemática por parte dos alumnos e que coa axuda do profesor reflexionan en común ata chegar ao coñecemento e formulación das regras gramaticais, aplicándoas a continuación e autocorrixíndose.

O profesor orienta e conduce os alumnos por medio da observación sistemática e de preguntas para que descubran e reflexionen en común sobre o funcionamento da lingua francesa.

O papel do profesor non consiste en dar a solución ou enunciar a regra correspondente para a súa aprendizaxe de memoria, senón en axudarlles aos alumnos a que cheguen ás súas propias deducións sobre o funcionamento do sistema lingüístico do francés.

Léxico

Prestaráselle unha gran atención a un elemento imprescindible da comunicación; o léxico. Como xa se dixo anteriormente, o vocabulario está traballado a través do contexto de cada unha das unidades. Os temas tratados están moi próximos ao mundo dos adolescentes.

Así pois, o vocabulario trabállase en actividades que presentan exemplos de uso das palabras novas que se adquiren en cada unidade, e dáselle ao alumno a posibilidade de empregalas nun contexto lingüístico concreto. Igualmente, explótase o contexto por medio de indicios lingüísticos (*mots transparents* parecidos ou iguais en francés e español) e extralingüísticos (xestos, sons, debuxos, etc.).

Fonética

O obxectivo principal da metodoloxía empregada na ensinanza do francés é que os alumnos poidan comunicarse nesa lingua; así pois, o traballo sistemático da pronuncia é unha necesidade, xa que o erro pode converterse nun impedimento para que a comunicación poida levarse a cabo.

A corrección fonética, a relación entre son e grafía, a entoación e a prosodia traballaranse ao longo do curso escolar de forma sistemática e progresiva.

Os contidos socioculturais

Os contidos socioculturais son un dos piares sobre os que se fundamenta este método, xa que en cada unha das unidades os alumnos aprenden de forma implícita a través dos actos de fala nas diferentes situacións de comunicación,

non só determinadas funcións lingüísticas senón tamén a formulación de normas sociais, de certos costumes propios da cultura francófona, tales como o diferente rexistro a utilizar en función da relación entre os interlocutores, a utilización adecuada das fórmulas de cortesía, é dicir, as diferentes maneiras nunha lingua e outra.

Así pois, co explicitado anteriormente poderase conseguir , que os alumnos se familiaricen coa nova cultura, ademais de que este coñecemento intercultural lles axude a superar as diferenzas e actitudes intolerantes debidas ao descoñecemento e a unha visión egocéntrica e moitas veces totalitaria do mundo.

7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Materiais obrigatorios e de consulta:

Os libros de texto que empregaremos durante o desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe, serán os seguintes:

1º ESO SEGUNDO IDIOMA: “PARACHUTE 1”, EDITORIAL SANTILLANA

2º ESO SEGUNDO IDIOMA: “PARACHUTE 2”, EDITORIAL SANTILLANA

3º ESO SEGUNDO IDIOMA: “PARACHUTE 3”, EDITORIAL SANTILLANA

4º ESO SEGUNDO IDIOMA: “PARACHUTE 4”, EDITORIAL SANTILLANA

Recomendase así mesmo o uso do Caderno de exercicios.

Tamén se poñerán a disposición do alumnado manuais de consulta tales como:

- ✓ Dicionarios bilingües FRANÇAIS-ESPAGNOL, ESPAÑOL-FRANCÉS.
- ✓ “Dictionnaire Encyclopédique en couleurs” (monolingüe) (Hachette)
- ✓ Libros de lectura adaptados a ESO de distintos niveis (Le chat Noir, Santillana, Oxford..)
- ✓ Gramáticas e manuais relacionados coa lingua francesa.

O departamento de francés dispón ademais dos medios cos que conta o centro:

- ✓ 1 aula con ordenadores
- ✓ Aulas Abalar en 1º e 2º da ESO
- ✓ Encerado tradicional e encerado dixital interactivo
- ✓ Radiocasete
- ✓ Proxector
- ✓ Material inventariado e almacenado no departamento: Dicionarios, libros, vídeos, películas, CDs, DVDs, revistas, cómics, xogos...

Distribución de espazos dentro da aula.

En xeral, buscarase o traballo compartido, grupal e cooperativo entre os alumnos fronte ao individualismo, respectando sempre as medidas hixiénico-sanitarias establecidas.

Recursos didácticos: propoñemos clases dinámicas e interactivas, onde a aprendizaxe do francés teña unha finalidade concreta, explicando sempre o obxectivo que pretendemos acadar e procurando, na medida do posible, atopar centros francófonos ou galegos que impartan francés, tanto de dentro como de fóra de España, para poder intercambiar proxectos e manter contacto entre eles.

8.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Á fin de responder a diversidade das personalidades e maneiras de aprender de cada alumno, á vez orixe de enriquecemento e interese para o aprendizaxe dunha lingua estranxeira, tomaranse as medidas seguintes:

1. Diagnóstico inicial sobre as capacidades das que dispoñen e as que consideramos necesarias para enfocar o proceso de ensino e no caso de ser necesario readaptaranse certas actividades para solventar os posibles problemas.
2. Adecuación das actividades e da distribución temporal ó ritmo de traballo dos alumnos/as na medida do posible.
3. Reparto das tarefas no traballo en equipo en función do estilo cognitivo e das capacidades dos alumnos/as.
4. Variedade nas actividades en canto a contidos, nivel e motivación así como diferentes tipos de avaliación.
5. Fomento da autoestima no seguimento personalizado e da adquisición de certa autonomía no que o alumno pode facer a súa propia reflexión sobre o seu aprendizaxe.
6. Fomento dun clima apropiado á aprendizaxe e da cooperación entre o alumnado.
7. Exercicios de reforzo e recuperación diversos tales como:
 - ✓ fichas de diversidade colectiva nas que sendo o obxectivo da actividade o mesmo para todos, pode acadarse de dúas ou tres maneiras distintas e desemboca nunha posta en común e reflexión colectiva.
 - ✓ fichas de diversidade para a práctica individual que proporcionan algúns caderniños especiais para alumnos que o

desexen ou o necesiten con contidos referentes a comunicación, fonética, gramática,...actividades que poden servir de reforzo o de ampliación segundo o caso.

- ✓ tarefas globais propostas e realizadas polos alumnos coa axuda e pautas do profesor que integran as competencias básicas.

- ✓ material diverso personalizado polo profesor que atende ós distintos grados de dificultade e de motivación que presenta o alumnado (dossier sobre cancións, publicidade, secuenciacións de programas televisivos, xogos, uso de recursos de Internet,...).

Así mesmo:

- Se algún alumno necesitase actividades de reforzo por non ter cursado materia de francés no ano anterior, se lle proporcionarían.
- Faranse ACIs, no caso de que houberse alumnos que as precisasen.
- Se no proceso de avaliación continúa se advertise que unha alumna ou un alumno non progresa adecuadamente, tan pronto como se detecten as dificultades adoptaranse as medidas de reforzo educativo que se consideren máis convenientes, coa finalidade de que o alumnado adquira as aprendizaxes necesarias para continuar o proceso educativo e poida recuperar a materia durante o curso.

9. PLAN DE RECUPERACIÓN E REFORZO PARA ALUMNOS/AS COA MATERIA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES

Para facilitarlles ao máximo a recuperación da materia a estes alumnos e alumnas que teñen francés como materia pendente, e para que as familias coñezan a súa evolución académica, o departamento realizará 3 traballos de carácter opcional ao longo do curso (para entregar nos meses de decembro, febreiro e abril).

A realización esta tarefa (os tres boletíns) supón o 50% da nota. O exame do mes de maio suporá o outro 50% da nota. O alumno ou alumna que non entregue o primeiro dossier de exercicios, non terá dereito a recibir nin o segundo nin o terceiro e terá que presentarse ao exame global e único do mes de maio. Poderá presentarse ó exame de maio calquer alumno (incluso sen a entrega dos boletíns) a nota obtida será entón a nota da proba global de maio.

Para que o alumnado con Francés pendente supere a materia deberá ter unha nota de 5 en cada un dos dossiers , e 5 ou superior a 5 no exame final de maio.

O alumnado que estea aprobado tras a realización dos traballos (os boletíns) e que desexe subir nota, poderá presentarse ao exame final global.

A Xefa do Departamento de Francés, informará ao titor correspondente da nota obtida polo alumnado.

10. PROGRAMAS INDIVIDUALIZADOS PARA REPETIDORES

O plan de reforzo previsto para alumnos que repiten curso será o máis personalizado posible. Hai que ter en conta, por exemplo, se o alumno non acadou os obxectivos para a materia de francés o curso anterior, ou se pola contra, repite por non acadar os ditos obxectivos noutras materias diferentes, pero ten francés primeiro ou segundo idioma aprobados.

Por outra banda, se o alumnado ten dificultade de aprendizaxe traballaremos en coordinación co departamento de orientación co fin de empregar a metodoloxía adecuada.

De xeito xeral dende o departamento propoñemos as seguintes medidas:

- Colocar aos alumnos repetidores nas filas dianteiras para poder seguir mellor o seu ritmo de aprendizaxe
- Revisar minuciosamente o traballo diario e os deberes
- Corrixir diariamente o seu caderno

- Nas actividades por parellas ou grupos, procurar que traballe con alumnos de maior nivel
- Manter á familia informada se o alumno non ten as tarefas ao día a través dunha nota ao titor e aos pais.

11) AVALIACIÓN E DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL

11.1) PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será **continua** ao longo do curso, por entender que as características da materia non permiten un fraccionamento dos contidos, sendo a comunicación nunha lingua estranxeira o obxectivo da súa aprendizaxe e non o estudo da lingua en si. Polo tanto, non haberá probas específicas de recuperación. O alumno ou alumna recuperará unha avaliación cualificada negativamente mellorando a súa actitude e os seus coñecementos na avaliación ou avaliacións posteriores.

Será tamén **formativa**, polo seu carácter educativo e formador, dende a fase de detección de necesidades ata a avaliación final. Aportará aos alumnos e alumnas a información precisa para mellorar o seu aprendizaxe e adoptar estratexias adecuadas.

E finalmente será **integradora**: avaliaremos, cara o final do curso académico se os alumnos acadaron ou non e en que grao os obxectivos plantexados, integrando todas as variables posibles: contidos, procedementos e actitudes.

Hai tres momentos claves na avaliación formativa, que quedan reflectidos no seguinte cadro:

MOMENTO	CARACTERÍSTICAS
	<input type="checkbox"/> Permite coñecer cal é a situación de partida dos alumnos, para así empezar dende o principio cunha actuación axustada ás necesidades, intereses e posibilidades dos

<p style="text-align: center;">INICIAL</p>	<p>mesmos.</p> <ul style="list-style-type: none"> □ Realizarse ó principio do curso, e ó principio de cada unidade didáctica., para así orientar a metodoloxía a empregar, a organización da aula e reforzar o traballo daqueles estándares doutros niveis que non presentan un grao mínimo de consecución por parte do alumnado. <p>No caso de 1º da ESO é un pouco especial, dado que a maioría do alumnado carece de coñecementos previos. Porén, se fará unha pequena proba que permitirá ter información sobre os seus coñecementos de francés, a proba consta dunha lectura dun texto en francés e unhas preguntas de tipo verdadeiro ou falso; tamén se fará unha proba oral (moi básica) , tipo exercicio para escoitar onde o alumnado terá que realizar preguntas tipo test.</p> <p>En 2º da ESO a proba inicial consiste na realización dos tests de remate do curso anterior, deste xeito pódense avaliar os estándares dos bloques B1, B2, B3, B4 e B5.</p> <p>Nos grupos de 3º da ESO farase o mesmo cos test do remate de 2º curso ,engadindo algunha pequena proba oral e escrita de presentación de persoas ou de obxectos, co fin de valorar as capacidades de expresión oral e escrita.</p> <p>A realización dos exercicios de remate do 3º curso, así como a elaboración de diálogos sobre as vacacións, os proxectos para o curso, etc., permiten coñecer o nivel do alumnado de 4º da ESO en comprensión e expresión oral e escrita.</p>
<p style="text-align: center;">FORMATIVA- CONTINUA</p>	<p>Orienta as diferentes modificacións que se deben realizar en función da evolución dos alumnos e do grupo, e das distintas necesidades que vaian xurdindo. A observación do profesor é fundamental nas diferentes actividades:</p> <ul style="list-style-type: none"> □ <u>Actividades orais:</u> Escenificacións de pequenas situacións comunicativas, diálogos entre

	<p>compañeros, diálogos co profesor, exposicións orais sobre temas familiares., Visualización de fragmentos de vídeos, anuncios, programas de televisión, películas adaptados ao nivel dos alumnos....</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Actividades escritas: exercicios estruturais e de sistematización, cuestionario sobre lecturas, redacción de diversos tipos de textos (cartas, descrições, narracións, diálogos, opinións, críticas ...)... <input type="checkbox"/> Actividades individuais o en grupo tales como a realización de mini-proxectos, probas obxectivas orais e escritas, realizadas puntualmente, do mesmo tipo que as levadas a cabo nas clases.Participación en xogos relacionados co léxico e a gramática estudada na clase. Visualización dos proxectos realizados. <p>Hai que resaltar que sempre se observará o comportamento do alumno na aula: participación, interés, respeto hacia os compañeiros e o profesor ou profesora, tolerancia á hora de realizar tarefas en grupo cooperativo...</p>
<p>SUMATIVA-FINAL</p>	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Consiste na síntese da avaliación continua et constata como se foi realizando o proceso e a súa situación final. <input type="checkbox"/> Realizarse a través de probas obxectivas tanto orais como escritas, tanto individuais como en grupo. <input type="checkbox"/> Permite orientar a introducción das modificacións necesarias e a planificación de novas secuencias de ensinanza-aprendizaxe.

Faranse 3 avaliacións ó longo do curso, sendo a nota do terceiro trimestre a nota final do curso, xa que o alumno/a terá demostrado haber superado os contidos das avaliacións anteriores presentes na dita avaliación.

Para aqueles alumnos/as que tendo aprobadas as dous primeiras avaliacións non acadasen os obxectivos da terceira, activarase un sistema especial de recuperación que consistirá nunhas probas orais e escritas de similares características ao anterior.

11.2) INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

COMPRESIÓN ORAL

- Audición e lectura de conversacións e dedución do significado dalgunhas expresións.
- Relación de sons e grafía.
- escoita dun texto e resposta a preguntas de selección múltiple.
- Localizar a información específica contida en textos orais.
- Audición e lectura simultánea de textos e frases.
- Audición para traballar a relación phonie-graphie.
- escoita fonética das diferentes palabras que conteñen os sons estudados
- Localización de palabras nunha listaxe.
- Audición dun texto e respostas a preguntas de selección múltiple.
- Audición e lectura dun texto

COMPRESIÓN ESCRITA

- Audición e lectura de conversacións e dedución do significado dalgunhas expresións. •Procura de información específica sobre diferentes textos.

- Resposta a preguntas de “vrai ou faux”.
- Transformación de frases de acordo cun modelo.
- Realización de exercicios de relación; texto con ilustración.
- Resposta a preguntas de selección múltiple.
- Corrección de exercicios de comprensión oral.
- Lectura de textos e traballo sobre eles.
- Resolución de exercicios de selección múltiple
- Procura de información específica en textos escritos.

□ EXPRESIÓN ORAL

- Audición e repetición de diálogos (sainetes)
- Realización de traballo oral en parellas.
- Audición e repetición de acentos.
- Discriminación de fonemas.
- Descrición de ilustracións.
- Audición e lectura de diálogos e textos
- Realización de intercambios comunicativos por parellas ou en grupos
- Participación en exposicións orais.

□ EXPRESIÓN ESCRITA

- Descripción de ilustracións.
- Redacción de textos breves imitando un exemplo.
- Ditado das novas palabras estudadas.
- Descripción dun debuxo.
- Descripción de accións pasadas, simultáneas ou de plans futuros
- Resolución de exercicios de selección múltiple

Redacción de textos dialóxicos, descriptivos, narrativos ou teatrais para a súa futura exposición na clase é polo tanto unha ferramenta de **autoavaliación** coma unha testemuña dos progresos e do que se ten aprendido.

□ TÁBOA PARA MEDIR OS ESTÁNDARES DOS DIFERENTES BLOQUES

ALUMNO / ALUMNA	ESTÁNDARES (1º ESO SEGUNDO IDIOMA)	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN					NIVEIS DE CUALIFICACIÓN				
		OBSERVACIÓN	PROBA ESCRITA	PROBA ORAL	CADERNO DE CLASE	PORTFOLIO	OUTROS	IN	SUF	BIE N	NT
							NON ACADADADO	ACADADADO CONNIVELBAIXO	ACADADADO CONNIVELMEDIO	ACADADADO CONNIVELALTO	ACADADADO TOTALMENTE

	<u>BLOQUE 1:</u> SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita											
--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

11.3. CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

Procedementos de avaliación. Criterios de cualificación.

Este Departamento considera que non é tan importante a perfección lingüística como que o alumnado poida acadar unha actitude positiva hacia esta materia e hacia as linguas estranxeiras en xeral así como unha comptencia comunicativa adecuada ás súas características e necesidades. Por iso, e sen deixar de ter en conta todas as probas obxectivas que se realicen ó longo do curso, valoraremos moi positivamente outros aspectos, cunha porcentaxe ben definida e equilibrada.

Ao comezo do curso, o alumnado fará unha proba de avaliación inicial que permitirá identificar o grao de consecución dos contidos do curso anterior.

- En 1º da ESO, farase cos contidos traballados nas primeiras sesións.

- En 2º; 3º e 4º da ESO a proba contempla catro partes, a saber, CE (comprensión escrita), CO (comprensión oral), EE (expresión escrita) e EO (expresión oral) valoradas en 25% cada unha.

Durante o curso, ao remate de cada unidade farase unha proba que incluírá unha parte de contidos de lingua e unha parte tipo DELF. Cada proba constará de 5 partes:

1.unha **proba escrita** que incluírá preguntas sobre:

-Contidos lingüísticos de cada unidade (20%)

-Bloque 1: Comprensión de textos orais. (20%)

-Bloque 3: Comprensión de textos escritos.(20%)

-Bloque 4: Producción de textos escritos.(10%)

2.unha **proba oral** que valorará os criterios de avaliación reflectidos no seguinte bloque:

-Bloque 2: Producción de textos orais. (20%) A proba oral terá relación cos contidos das diferentes unidades.Valoraranse a pronunciación, a entoación e a coherencia da mensaxe.

-Ao resultado destas dúas probas, se lle engadirá un 10% de traballo de clase e de presentación do caderno.

A modo de resumo, a ponderación das probas será a seguinte:

Proba escrita de contidos da unidade traballada	20%
Proba escrita de comprensión de texto oral (audición)	20%
Proba escrita de comprensión de texto escrito	20%
Proba escrita de produción de textos escritos	10%

Proba oral	20%
Traballo de aula, caderno	10%

O Bloque 5: O coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe avaliaranse nos bloques anteriores dado o seu carácter transversal.

Tal como indica o Decreto 86/2015 (DOG 29/06/2015), a superación da avaliación require unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

A nota final (global do curso), pola propia natureza da avaliación continua, será obtida en función da evolución do alumno ou da alumna ao longo do curso, tendo en conta as cualificacións obtidas nas diferentes avaliacións parciais, así como o grao de aproveitamento dos posibles plans de recuperación e outras medidas tomadas de cara a satisfactoria consecución dos obxectivos da materia.

Para calcular a nota obtida ó final de cada trimestre farase : 1º A media aritmética das notas obtidas durante ese trimestre nas probas orais e/ou escritas. 2º Unha vez obtida esa media aritmética o profesor avaliará os seguintes aspectos, íntimamente relacionados con contidos transversais e as competencias clave:

- ◆ A participación activa en todas e cada unha das actividades propostas, sexan de carácter oral ou escrito
- ◆ A orde, o respecto ós demais, o entusiasmo e o desexo de superar as dificultades lingüísticas na realización de actividades orais
- ◆ O esforzo por empregar o francés como lingua vehicular na aula
- ◆ O esforzo por empregar o francés en todas e cada unha das actividades encomendadas
- ◆ O interese por comprender a cultura que repousa na lingua francesa
- ◆ O respecto ós modos de vida alleos, sobre todo os relacionados coa francofonía
- ◆ O interese por superar as dificultades de comunicarse nunha lingua estranxeira

- ◆ Puntualidade na entrega de traballos á profesora.
- ◆ Entrega de traballos voluntarios, libros de lectura...

Ó alumnado avaliado negativamente nun ou varios destes aspectos restaráselle ata 10% á nota obtida nas probas orais e/ou escritas. Ó alumnado avaliado positivamente nos aspectos mencionados neste párrafo sumaráselle ata un 10% á nota obtida nas probas orais e/ou escritas.

O ABANDONO da materia por parte do alumno será comunicado ao titor por escrito para que éste informe aos pais. Consideramos abandono non só a non asistencia continuada a clase, sinon tamén non traer o material, non realizar as actividades propostas nin na aula nin na casa, deixar os exames en branco, ou descartar algunha das competencias por considerar que a media aritmética das restantes suma un 5 ou máis.

□ **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:**

Cómpre recordar que os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final da materia serán os estándares de aprendizaxe e os criterios de avaliación. Os estándares de aprendizaxe resaltados en color gris nos cadros de avaliación corresponden aos mínimos esixibles que cada alumno e alumna debe demostrar ter adquirido antes de fin de curso para superar a materia e obter unha nota de 5 puntos. Todos aqueles estándares non considerados mínimos nesta programación graduranse en función da súa dificultade e das características particulares de cada grupo de alumnos e alumnas e axudarán a nota final (6, 7, 8, 8, 9 o 10) seguindo o explicitado nos criterios de calificación desta programación.

CRITERIOS PARA A PROMOCIÓN DO ALUMNADO

PROMOCIONAN todos os alumnos que superen os estándares de aprendizaxe avaliados plantexados e alcancen o grado suficiente de desenvolvemento nas Competencias Clave ao finalizar o curso (mínimo 5/10).

NON PROMOCIONAN:

- Os alumnos que NON superen os estándares de aprendizaxe avaliados plantexados (NP, 1,2, 3,4/10).
- Todos os alumnos deberán amosar interese pola materia de francés durante todo o curso, sendo motivo de avaliación negativa os seguintes casos:
 - ✓ Se se considera que o alumno abandona a materia, é dicir, deixa de colaborar na clase, de realizar as tarefas encomendadas (un mínimo do 50%), de realizar as actividades cun mínimo de competencia (non pode deixar un exame en branco ou partes deste de xeito reiterado)
 - ✓ Se non se presenta ás probas individuais e / ou colectivas sen unha xustificación adecuada.
 - ✓ Se o alumno presenta una conducta disruptiva na aula de xeito que impida o normal desenvolvemento da clase. (non traer o material, impedir o dereito dos seus compañeiros a atender á clase...)

EXAMES EXTRAORDINARIOS DE SETEMBRO

□ PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

Para esta proba extraordinaria, o departamento preparará para todo o alumnado e segundo o seu nivel, seguindo os modelos que se realizaron ao longo do ano escolar, un examen escrito que permitirá a avaliación dos estándares mínimos de aprendizaxe de acordo coa programación do curso.

Do mesmo xeito, entregaremos un dossier para que o alumnado poida revisar os contidos dunha forma guiada. Este dossier contará o 20% da nota, sendo o 80% o exame de setembro.

12) TEMAS TRANSVERSAIS

Partimos da opinión de que os temas transversais deben encher a actividade docente e estará presentes na aula de forma permanente, xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade. Nas clases de lingua estranxeira engadiremos dous que nos merecen un enfoque especial e propios das nosas clases: a educación multicultural e a educación para Europa.

A materia de Lingua Estranxeira (Francés), introduce facilmente entre os seus contidos a transversalidade. O feito de presentar a realidade da vida diaria como marco para o desenvolvemente da produción oral e escrita á vez que a comprensión lectora, potencia a aparición duns elementos que apoien os contidos lingüísticos, como ocorre en certa medida cos aspectos socioculturais. A diferenza destes, máis característica do país e a lingua que é obxecto de estudio, os temas transversais abranguen un ámbito moito máis amplo e xeral, e pódense tratar de forma diversa, nunha mesma unidade é posible atopar distintos temas de transversalidade, e a súa vez un mesmo tema pode aparecer en varias unidades.

A continuación indicamos algunhas das posibilidades de tratamento destes temas:

Educación para a convivencia

Fórmulas de cortesía, relacións alumnado-profesorado, respecto aos demais, familia, pluralidade de culturas que cohabitan en Europa.

Educación para a saúde

Deportes e vacacións, vida o aire libre, protección da natureza.

Educación para a paz

Respeto e tolerancia hacia a diferenza. Convicencia no grupo-clase.

Educación do consumidor

Defensa dos dereitos do consumidor, atractivo dos eslógans publicitarios.

Educación sexista

Homes e mulleres no mundo do traballo, heroes e heroínas.

Educación ambiental

Importancia da natureza por si mesma e como elemento fundamental do noso ocio, defensa do medio ambiente e dos animais.

Educación para Europa

Festas e calendarios, cultura xeral, símbolos da Unión Europea, símbolos de Francia.

Igualdade

Tolerancia, igualdade de sexos, etc.

Solidariedade

Fronte ás diferentes formas de explotación e egoísmo.

Xustiza

Defensa dos dereitos individuais e colectivos, oposición cando estes resultan danados.

Liberdade

Oposición a todo tipo de escravitude et de non recoñecemento do espacio reerado ás decisións persoais.

Sáude (reacción fronte a desvalorización do corpo e do benestar en xeral)

Educación multicultural

Linguas estranxeiras, palabras internacionais, préstamos culinarios e lingüísticos, produtos e personaxes do mundo francófono, celebracións mundiais, sistema escolar en Francia e noutros países, turismo, cursos de idiomas no estranxeiro, visión global do mundo.

13) TRATAMENTO E FOMENTO DAS TIC

Unha das competencias clave desta etapa é a competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Dende o departamento de francés, impulsarase o uso das novas tecnoloxías para facer do alumno unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén debe ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando for necesario, e respectar as normas de conduta acordadas socialmente para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Internet será un dos recursos básicos no proceso de ensinanza-aprendizaxe, ben como medio de consulta ou de traballo tanto na aula como fóra dela. A profesora de francés proporcionará en todo momento direccións web útiles para traballar os contidos e realizar actividades tanto de forma individual como en pequenos grupos.

Hai que destacar por outra parte, que o centro conta cunha aula de informática e co proxecto Abalar en primeiro e segundo da ESO, o que suporía a integración plena das TIC na práctica educativa. Asemade, empregaremos as TICs para levar a cabo o traballo colaborativo cos ordenadores do centro e, dado o caso, coas aplicacións educativas (apps) para dispositivos móbiles.

14) CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PLAN DE CONVIVENCIA

Dende o Departamento de Lingua Francesa fomentaráse o diálogo, a aprendizaxe e a práctica de conductas de responsabilidade e respecto, de esixencia de cumprimento de deberes e exercicio de dereitos individuais, coma un dos fíns primordiais da nosa actividade educativa. Favoreceremos a integración de todos os alumnos e alumnas así como o coñecemento entre eles como medio de enriquecemento persoal. Traballaremos valores coma a tolerancia e a solidariedade. Fomentaremos a habilidades sociais no alumnado de xeito que este poda desenrolar cambios afectivos e de comportamento que incrementen a súa autoestima e impidan que se aillen. Como? A través do traballo cooperativo e actividades variadas de comunicación oral e escrita en grupos de diferente tamaño e diseño.

15) INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

A continuación preséntase a rúbrica que recolle os indicadores de logro que servirán para avaliar tanto o proceso de ensino como a práctica docente.

Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente	Escala
(Indicadores de logro)	

Proceso de ensino:	1	2	3
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?			
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?			
3. Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual?			
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?			
5. Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?			
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?			
7. Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEE?			
8. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?			
9. Usáronse distintos instrumentos de avaliación?			
10. Dáse un peso real á observación do traballo na aula?			
11. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?			
Práctica docente:	1	2	3
1. Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado			
2. Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.			
3. Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade			
4. Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE.			
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.			
6. Intercálase o traballo individual e en equipo.			
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral.			
8. Incorporáranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe			
9. Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar.			
10. Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames, etc.			
11. Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc.			
12. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos.			
13. Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do			

profesorado?			
14. As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares			

16) MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

1. Avaliación inicial

Coa información recollida reaxustaranse os obxectivos e contidos e a presentación dos mesmos, constando no libro de actas do departamento. Utilizaranse as seguintes ferramentas:

- Revisión dos informes de avaliación final e información psicopedagóxica
- .Deseño de probas específicas para detectar os coñecementos previos e o alumnado que precisará reforzo educativo.
- .Información extraída do alumnado procedente das xornadas de pre-avaliación.

2. Avaliación procesual da programación

Na reunión semanal do departamento discutirase o avance da programación e procederase ó axuste da mesma tendo en conta o avance dos diferentes grupos-clase. Prestaráselle especial atención ó alumnado con NEAE. Ademais, logo das xornadas de avaliación, introducirase o seguinte punto na orde do día:

- Reaxuste da programación didáctica acorde cos resultados acadados

3. Avaliación final da programación: levarase a cabo mediante as seguintes ferramentas:

- Memoria do departamento
- Resumo dos reaxustes na programación que constan no libro de actas.
- .Memoria das AC elaboradas polos departamentos.
- Cuestionario ó alumnado sobre os contidos tratados, a función exercida polo profesorado, temas ou explicacións nas que atoparon maior dificultade, etc.

Para levar a cabo esta avaliación servirémonos das seguintes rúbricas con diferentes indicadores de logro:

Revisión e avaliación da programación didáctica	Escala		
(Indicadores de logro)	SEMPRE	NUNCA	EN OCASIÓN S
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?			
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?			
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?			
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?			
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?			
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas			
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?			
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?			
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?			
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?			
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?			
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?			
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?			
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?			
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?			
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?			
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.			
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación			
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?			
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?			
22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?			
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?			
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?			
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?			
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?			
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?			
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?			

29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción?			
30.- Seguiuuse e revisouse a programación ao longo do curso			
31.- Contribuíuse dende a materia ao plan de lectura do centro?			
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?			

17) MEDIDAS ESPECÍFICAS DERIVADAS DA ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19

Tendo en conta a excepcionalidade do terceiro trimestre do curso escolar 2019/2020, así como a posibilidade de que se produza a necesidade de alternar determinados períodos de docencia presencial con outros de docencia non presencial durante o proximo curso 2020/2021, é necesario recoller medidas específicas para responder ás necesidades concretas do alumnado ante unha situación excepcional de acordo coas instrucións do 30 de xullo de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato:

- Para o desenvolvemento dos contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave recollidos nesta programación didáctica, adquiridas e non adquiridas no curso anterior, terásese en conta, necesariamente, a adaptación da programación didáctica do curso 2019-20 realizada no mes de maio de 2020, de acordo coas instrucións do 23 de abril de 2020, na que se recollen os estándares de aprendizaxe e as competencias clave imprescindibles na materia de francés organizados por niveis e que incluímos como anexo nesta programación. Buscarase unha continuidade do proceso de enseñanza-aprendizaxe co obxectivo de que todo o alumnado poida adquirir non só os contidos senón sobre todo as competencias sinaladas como imprescindibles por este departamento o curso anterior.

- Reforzarase a avaliación inicial recollida nesta programación cunha serie de medidas aplicadas na primeira semana do curso como son a análise dos informes de avaliación individualizados redactados a finais do curso anterior e o desenvolvemento de actividades durante as sesións desta primeira semana (2 para 1º, 2º e 3º da ESO e 3 para 4º da ESO) que nos permitan detectar a falta de desenvolvemento das competencias clave establecidas como imprescindibles por este departamento e o coñecemento individual e emocional do alumnado. A partir dos resultados obtidos, en colaboración co resto dos departamentos didácticos e co departamento de orientación, tomaranse as decisións que se consideren oportunas como a aplicación de medidas de reforzo educativo.
- Plan de reforzo e recuperación: para facilitarlle ao alumnado a adquisición das aprendizaxes imprescindibles no curso 2019/20 recollidas nesta programación e que non foran acadadas, entregaránselle tarefas específicas adaptadas e baseadas nas aprendizaxes non acadadas que serán corrixidas individualmente buscando que alcance os obxectivos establecidos para o curso no que se atope tendo en conta que a avaliación desta materia é sempre continua, e poderá recurrirse ás plataformas dixitais na entrega destas tarefas para facilitar a posta en práctica das distintas competencias que buscamos que adquira o alumnado. Ademais, poderanse aplicar algunhas das medidas recollidas nesta mesma programación para o alumnado repetidor como a revisión minuciosa do seu traballo diario e dos deberes e a comunicación permanente co seu titor ou titora e a súa familia. O plan de reforzo estenderase ao longo do primeiro trimestre e, logo dos resultados acadados na primeira avaliación, valorarse en cada caso a necesidade de manter algunha das medidas de reforzo durante o resto do curso.
- Adaptación da actividade lectiva:

a/ presencial: a actividade lectiva presencial adaptarase ao establecido polo protocolo COVID-19 cumprindo con todas aquelas normas hixiénico-sanitarias adoptadas no centro e adaptando a metodoloxía de traballo co alumnado. Isto non significa renunciar ao traballo colaborativo se non artellar formas diferentes de cooperación co uso, fundamentalmente, das novas tecnoloxías na aula e fomentando o espírito colectivo dos grupos de traballo para garantir o seguemento axeitado de todo o alumnado.

b/ non presencial: recurrirase, tal e como se fixo no último trimestre do curso pasado, a plataformas dixitais que permitan a comunicación directa, permanente e individualizada ou en grupo co alumnado de tal maneira que non só se poida poñer a disposición dos alumnos e alumnas contidos e tarefas se non que manteremos unha relación directa na que atenderemos as súas necesidades educativas tanto nos seus aspectos pedagóxicos como emocionais e sociais. Reforzarase a alfabetización dixital iniciada o curso pasado, priorizando as competencias dixital e aprender a aprender, para poder avanzar no resto das competencias, fundamentalmente a lingüística. Todos os instrumentos de avaliación adaptaranse para que sexa posible utilízalos de forma telemática a través das plataformas educativas dixitais utilizadas, así como os procedementos de avaliación. A porcentaxe do traballo de aula será substituída por unha porcentaxe obtida polo traballo realizado desde a casa sen que en ningún caso o alumnado se vexa prexudicado polo cambio da metodoloxía presencial á telemática.

c/ semi-presencial: a combinación da docencia presencial e non presencial permitiranos combinar contidos e metodoloxías para detectar e resolver os problemas de cada unha das modalidades e facer un seguemento da evolución de cada alumno e alumna, así como do funcionamento dos grupos.

Considerando que nesta programación didáctica recolléese especificamente a avaliación por competencias ao final de cada trimestre e que a avaliación é continua, formativa e integradora, e ten en conta a evolución do alumnado ao longo do curso,

entendemos que tomando como referencia a adaptación da programación didáctica e os informes individualizados realizados ao final do curso pasado, así como a avaliación inicial realizada na primeira semana do curso actual, cos distintos instrumentos didácticos recollidos nesta programación, manteráse a evolución na aprendizaxe de todo o alumnado adaptándose aos posibles escenarios que se contemplan para o curso 2020/21 e ás distintas instrucións e protocolos e as súas actualizacións que se poidan ir publicando por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en función da evolución da situación sanitaria.

En Bueu, a 30 de setembro de 2020



Iolanda María Veloso Ríos

Xefa do departamento de francés

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS
ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

IES ILLA DE ONS

CURSO 2019-2020

ÍNDICE

1. Xustificación
2. Estándares de aprendizaxe e competencias clave imprescindibles
3. Metodoloxía e actividades do terceiro trimestre
4. Avaliación e cualificación do alumnado
5. Información e publicidade

1.XUSTIFICACIÓN:

Dacordo coas instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, o **Departamento de Francés do IES Illa de Ons** presenta neste documento as súas adaptacións da programación didáctica.

2.ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE IMPRESCINDIBLES

Neste apartado recollo o que considero estándares de aprendizaxe e competencias clave imprescindibles na materia de francés.Están organizados por niveis.

1º de ESO

Bloque 1. Comprensión de textos orais

SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.

Bloque 2. Producción de textos orais

SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.

SLEB3.3. Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.

SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos e listas de prezos.

Bloque 4. Producción de textos escritos

SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.

SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.).

SLEB4.3. Escribe notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas.

2º de ESO

Bloque 1. Comprensión de textos orais

SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.

SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.

Bloque 2. Producción de textos orais

SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.), e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar.

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.

SLEB3.3. Comprende información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimentos, preferencias e afeccións, referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.

Bloque 4. Producción de textos escritos

SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou con intencións comunicativas

SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con inforpropias da súa idade e do seu nivel escolar mación persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses ou ás súas afeccións.

SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (informar, preguntar, invitar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.

3º de ESO

Bloque 1. Comprensión de textos orais

SLEB1.2. Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.

SLEB1.6. Identifica as ideas principais de programas de televisión e de presentacións moi sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns predicibles ou do seu interese, previamente traballados, articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias ou reportaxes breves), cando as imaxes constitúen grande parte da mensaxe.

Bloque 2. Producción de textos orais

SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, sobre aspectos concretos de temas xerais ou relacionados con aspectos básicos dos seus estudos, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas se se articulan clara e lentamente.

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos moi breves en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen gran parte da mensaxe.

SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos pasados, e se expresan de maneira sinxela sentimentos e desexos, plans e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.

Bloque 4. Producción de textos escritos

SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países), na que se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, e se fan e se aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans).

SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para asociarse a un club internacional de xente nova).

4º de ESO

Bloque 1. Comprensión de textos orais

SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves, articulados de xeito lento e claro (por exemplo, por megafonía, ou nun contestador automático), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.

SLEB1.4. Entende información relevante do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes), sempre que se fale amodo e con claridade.

SLEB1.6. Identifica a información esencial de programas de televisión e presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiás ou do seu interese familiares e predicibles articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes portan gran parte da mensaxe.

Bloque 2. Producción de textos orais

SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un esquema lineal e estruturado, sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas previsibles breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos breves, en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen grande parte da mensaxe

SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos presentes, pasados e futuros, e se expresan de xeito sinxelo sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.

SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese, sempre que poida reler as seccións difíciles

Bloque 4. Producción de textos escritos

SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países); se intercambia información; se describe en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, de dan instrucións e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo.

SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital).

AS COMPETENCIAS

Describo a continuación as competencias que o departamento considera imprescindibles

- A competencia lingüística: por razóns obvias, no ámbito do ensino da lingua francesa como Lingua Estranxeira, a competencia en comunicación lingüística é especialmente relevante e será determinante de cara a avaliación dos alumnos.

- A competencia dixital: debido á situación que estamos a vivir, esta competencia pasou a ter unha importancia decisiva. Esta competencia conleva o coñecemento das principais aplicacións informáticas. Supón tamén o acceso ás fontes e o procesamento da información. O alumnado ten que saber utilizar os principais recursos tecnolóxicos para a comunicación co profesorado.

- A competencia “aprender a aprender”: dado este novo contexto de aprendizaxe, onde máis que nunca o alumnado debe demostrar moita máis autonomía ante as aprendizaxes e sentirse protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe. Por unha banda deberá interpretar o contido dunha tarefa determinada e por outra ter estratexias de planificación para poder abordala. Deberá motivarse para aprender e ter a percepción de auto-eficacia e confianza en si mesmo.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE

Tal e como aparece recollido nas instrucións do 27 de abril de 2020 durante o terceiro trimestre *desenvolveranse actividades de recuperación, repaso e reforzo*.

Tamén se contempla a **ampliación das aprendizaxes** que tomará como referentes aqueles obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que para a súa asimilación requiran a mínima intervención docente.

Dende principios de curso todos os alumnos e alumnas do IES Illa de Ons teñen un correo corporativo, o que me permitiu crear grupos na plataforma *Google classroom*. Dita ferramenta é a que emprego para “colgar” as tarefas que teñen que realizar. Tal e como ven recollido na normativa, o departamento de francés está propoñendo ós distintos niveis (un total de catro: 1º, 2º, 3º e 4ºESO) unha tarefa semanal con data de entrega para poder ser revisada. Isto de *cara a flexibilizar os plans de traballo do alumnado e coidando de non penalizar ou afectar ao seu benestar, nin sobrecargalo de tarefas excesivas*. Tamén se está a facer un mínimo dunha hora semanal de videoconferencia por grupo (é un acordo do claustro). As videoconferencias non están pensadas para dar clase como as clases presenciais senón para realizar un seguimento das tarefas asignadas, atender as posibles dúbidas e dar apoio emocional ó alumnado.

As actividades a realizar polo alumnado son:

- Visualización de recursos dispoñibles na rede, como vídeos, textos, enlaces á blogs relacionados coa materia, enlaces a presentacións, cancións, podcast, etc...
- Realización de fichas de repaso e de reforzo elaboradas pola profesora de francés con contidos relacionados coa primeira e segunda avaliación.
- Práctica con materiais dixitais interactivos, próximos as vivencias do alumnado, formularios autocorrixibles e videotutoriais de elaboración propia.
- traballo colaborativo grupal a través de documentos compartidos.

Cómpre destacar que o alumnado está recibindo unha atención individualizada. Cada tarefa entregada (teñen aproximadamente una semana para realizala) está sendo obxecto dunha corrección personalizada. As tarefas se reenvían ó alumnado de forma periódica con comentarios sobre os erros e anotacións pertinentes. Procurarse un deseño de actividades

con dificultade progresiva, variedade e redución de tarefas por distintas canles para un mesmo contido, de cara a atención á diversidade.

A metodoloxía que se está a empregar está centrada en proxectos e tarefas, nas que é fundamental o “saber facer” mediante actividades variadas, de diverso grado de dificultade e contextualizadas na vida cotiá.

As tarefas han de incidir no desenvolvemento das competencias imprescindibles (citadas anteriormente) que necesitan ser exercitadas.

4. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Neste terceiro trimestre, (tal e como está recollido nas instrucións que recibimos o profesorado) a avaliación e cualificación adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificadas.

O terceiro trimestre non será avaliado do mesmo xeito que os dous trimestres anteriores, servirá para recuperar as avaliacións pendentes ou mellorar a cualificación final. Polo tanto a cualificación vaise calcular en función das notas obtidas nas dúas primeiras avaliacións. Así, os resultados deste terceiro trimestre unicamente serán tidos en conta se axudan ao alumnado a recuperar as avaliacións anteriores suspensas, grazas á realización de actividades de repaso, reforzo e recuperación, ou se lle axudan a mellorar as aprobadas. En ningún caso o alumnado se verá prexudicado polas dificultades derivadas do cambio da metodoloxía presencial á telemática. Por isto, non poderá ver minorados os resultados obtidos nas avaliacións dos trimestres anteriores. En caso de que esas cualificacións anteriores sexan diferentes, será tida en conta a máis alta. Ademais o alumnado poderá incluso obter unha nota máis elevada na terceira avaliación, as actividades realizadas durante a etapa do confinamento poden subir ata un máximo de dous puntos na nota media final.

Proba extraordinaria de setembro

Para o alumnado que non consiga superar a materia na avaliación ordinaria do mes de xuño, establécense unha serie de medidas para a recuperación da mesma en setembro.

A profesora de francés elaborará un “dossier” con actividades que o alumnado terá que facer durante os meses de vacacións. Estas actividades recollen contidos da primeira e segunda avaliación (ata o 12 de marzo) e teñen como obxectivo preparar ó alumnado para a proba da avaliación extraordinaria (setembro). O día que se estableza, á mesma hora do exame, o

alumnado debe entregar as tarefas propostas en xuño.

A nota final obtense do seguinte xeito:

- os exercicios e actividades do “dossier” computan un 50%
- a proba escrita (exame de setembro) computa un 50%

En caso de non poder celebrarse a proba presencial de setembro, só serán tidas en conta as tarefas encomendadas para o verán, que se poderán achegar por correo electrónico á profesora, e cuxo resultado computará o 100 % da nota final. Para superar a materia, a nota mínima será de 5 sobre 10.

Alumnado coa materia pendente:

Tres alumnos de 3º ESO teñen Francés de 2ºESO pendente. Un deles cursa francés en 3ºESO e tal e como está recollido na programación, se supera este nivel (o actual 3ºESO), ten superada a materia de 2ºESO. É o caso dun alumno que acadou un resultado de 6 na primeira avaliación e 5 na segunda. As outras dúas alumnas non escolleron francés e polo tanto están a ser avaliadas con tarefas que entregan dende principio de curso.

Dado que a convocatoria do mes de maio que se establece para estos casos non terá lugar, o procedemento para a avaliación da materia pendente consistirá unicamente na avaliación das tarefas propostas e entregadas con data límite o 19 de xuño de 2020. As tarefas non entregadas serán cualificadas como 0. Polo tanto, para superar a materia, farase a media de todas as tarefas (entregadas e non entregadas). A nota mínima para poder superar a materia será de 5 sobre 10.

No caso de ter que acudir á avaliación extraordinaria en setembro, seguirase o mesmo procedemento que co resto do alumnado.

5. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

O alumnado que cursa francés está a ser informado de forma constante dos cambios producidos para o desenvolvemento deste trimestre a través da plataforma Google Classroom ou do correo electrónico.

Cómpre destacar que esta información tamén estará dispoñible na páxina web do instituto.

Aprobada polo Departamento de Francés

A 11 de maio de 2020

